



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR
DE INFESTA
23 DE DECEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación das actas anteriores**
- 2.- **Iluminación da nacional 555**
- 3.- **Varios**

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo as vinte horas, do día vinte e tres de decembro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Carlos García Taibo, representante do PS de G – PSOE
- María Carmen González Monteiro, representante do PP
- Rubén Costas Fernández, representante de AER
- Eduardo Rodríguez Loureiro, representante das asociacións veciñais
- Manuel Davila García, representante das asociacións veciñais
- Manuel Carballido Castro, representante das asociacións veciñais
- Fernando Gómez Davila, representante das asociacións culturais
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións culturais
- Mario Domínguez Estévez, representante das asociacións deportivas
- Antonio Balado Barciela, representante das asociacións deportivas
- José Quijeiro Figueroa, representante das comunidades de augas
- Purificación Rodal González, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

- 1.- **Aprobación das actas anteriores**

María del Carmen González Monteiro indica que na acta de constitución e na de data 26.02.2013 hai un erro no seu primeiro apelido que queda corrixido.



CONCELLO DE REDONDELA

A acta de constitución e de data 26.02.2013 queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coa abstención de Rubén Costas Fernández Fernando Gómez Davila por non teren asistido ás devanditas xuntanzas.

A acta da xuntanza celebrada en data 27.09.2013 queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coa abstención de Rubén Costas Fernández e Purificación Rodal González por non teren asistido ás devanditas xuntanzas.

A acta da xuntanza celebrada en data 07.11.2013 queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coa abstención de Rubén Costas Fernández, Fernando Gómez Davila, Antonio Balado García e Edesio Crespo Loureiro por non teren asistido á devandita xuntanza.

2.- Iluminación da nacional 555

O Presidente di que este Consello Parroquial celébrase a petición da Asociación de Veciños polo problema da retirada de oito puntos de luz por parte do aeroporto dende a entrada do túnel. O enxeñeiro do Concello emitiu un informe que se enviou a Fomento e no que se indica que hai que atopar unha solución con outro tipo de iluminación.

Manuel Carballido Castro pregunta se a decisión de AENA para a retirada dos puntos de luz resposta a algunha normativa nova.

O Presidente di que na comunicación do aeroporto así como obriga á retirada da iluminación tamén obriga a cortar árbores na zona.

María del Carmen González Monteiro pregunta se o Concello de Redondela se pode negar a cumprir esas instrucións.

O Presidente di que non porque se hai algún accidente aéreo por non ter retirado a iluminación o responsable sería o Concello de Redondela.

Rubén Costas Fernández pregunta de quen é a estrada. O Presidente di que a estrada é de FOMENTO, pero a iluminación a puxo o Concello no seu momento.



CONCELLO DE REDONDELA

María del Carmen González Monteiro di que tamén haberá que pedir responsabilidades se hai algún accidente na estrada por retirar os puntos de luz e que habería que pedirle a FOMENTO que poña outras luces.

O Presidente informa que xa se lle enviou un escrito a Obras Públicas de acordo co informe que emitiu o técnico municipal.

Eduardo Rodríguez Loureiro informa que se puxeron en contacto con AENA para preguntar que tipo de iluminación habería que colocar e porque no momento de retirar esa iluminación non se colocaba outra no lugar. Informan que as farolas que están agora non cumpren coa normativa vixente e, ao preguntarlle polas que se poderían colocar, remitíronnos a unha páxina oficial onde se indican as medidas de seguridade que debe cumprir un aeroporto.

Manuel Carballido Castro di que urxe retirar esas farolas para evitar calquera accidente, pero que haberá que colocar outras para evitar un accidente na estrada e que as dúas situacións son urxentes.

Rubén Costas Fernández di que hai que instar a FOMENTO para que actúe.

José Quijeiro Figueroa di que hai uns dous anos había un plan director que contemplaba varias obras, incluso levar parte da traída de augas.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta que se pode facer.

María del Carmen González Monteiro di que se o Concello xa enviou un escrito haberá que instar ao Concello para que presione a FOMENTO.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que habería que acadar un acordo dentro do Consello Parroquial para presionar a FOMENTO para que cando se retiren as luces poña outras.

Edesio Crespo Loureiro di que tamén se podería instar a FOMENTO para que nun tempo prudencial repoña a iluminación.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que se se deixa pasar tempo sería peor porque xa non as porían.



CONCELLO DE REDONDELA

O Consello Parroquial de Vilar de Infesta acorda por unanimidade das/os súas/seus membros presentes solicitar que se requira a FOMENTO a colocación inmediata dos oito puntos de luz que se teñen que retirar na parroquia de Vilar de Infesta para evitar situacións de perigo na estrada.

3.- Varios

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta cales son as luces que non se van a poñer na parroquia.

O Presidente informa que as que se van a poñer son as de Picamorena no cruce con Porto Cabeiro.

Edesio Crespo Loureiro di que é no camiño de Picamorena dende a nacional 555 ata a estrada e Porto Cabeiro.

O Presidente di que se trataron de poñer as de Chan das Pipas e as do Camiño Xacobeo e non chegan os cartos para as do Camiño da Quinta, éstas poranse máis adiante, o que se fará é o parque infantil.

Purificación Rodal González di que o parque está quedando moi ancho e solicita un cartel de prohibido cans.

O Presidente di que se deixou 1,20 m e non había máis cartos para máis elementos, e se meteron cartos tamén da Concellería de Parques e Xardíns.

Edesio Crespo Loureiro pregunta que obras están executadas.

O Presidente di que falta Picamorena. Púxose un poste e se abriron dous buracos, pero ningún veciño quere que se instalen postes.

Edesio Crespo Loureiro di que se o terreo é municipal a veciñanza non ten que decidir se se fai a obra ou non. Se o Concello ten que poñer un poste en terreo municipal para iluminar a estrada terá que facelo por moito que proteste algún veciño.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que o veciño di que lle estorba para unha entrada de garaxe.

Edesio Crespo Loureiro di que iso non é excusa porque se o terreo é municipal e se despois de poñer un poste para iluminar unha estrada non se lle pode autorizar a entrada de garaxe pois non se lle autoriza. O Concello non debería deixar de facer unha obra que se aprobou no Consello Parroquial por culpa dunha obra que vai facer un veciño.

O Presidente di que hai outro problema con outro punto de luz porque pode tirar un muro, que sendo o caso habería que indemnizar. Poderíase poñer dentro dunha propiedade, pero o veciño denuncia ao Concello.

Edesio Crespo Loureiro di que os acordos dos consellos parroquiais sobre as obras con cargo aos orzamentos participativos aprobáronse no Pleno do Concello e se teñen que respectar.

O Presidente di que a propia veciñanza é a que non deixa colocar as farolas. Dende o Concello estanse a buscar outras alternativas como metelos entre o saneamento e os tubos de regadío, pero tampouco queren que se instalen aí.

Edesio Crespo Loureiro di que é a primeira vez que se deixan de facer obras en terreo municipal porque a veciñanza protesta.

O Presidente di que o problema está con tres farolas que se lle dará solución.

José Carlos García Taibo di que hai que tirar para adiante para solucionar o problema.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que hai problemas co punto de luz onde vive Edesio.

O Presidente di que se van a colocar dous postes.

Edesio Crespo Loureiro di que cando rompeu un punto de luz xa dixo que non se puxera fóra que se puxera dentro da súa propiedade porque non molesta e na curva dificulta a circulación.



CONCELLO DE REDONDELA

Mario Domínguez Estévez pregunta se xa hai solución para o problema dos eucaliptos no camiño do Choles porque habería que buscar a maneira de sacalos.

O Presidente di que xa se contactou co propietario.

Purificación Rodal González di que habería que darlle a mesma solución que a outras fincas, se o propietario non actúa que o faga o Concello.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que na Chousa lle entra auga a unha vivenda e pregunta se se vai solucionar o problema. Tamén habería que arranxar o problema da iluminación no camiño de Picamorena e na Chousa porque aínda esta manual.

O Presidente di que se vai a arranxar tanto o da vivenda do veciño como o da iluminación. Tamén está manual na Quinta de Vialr e se vai conectar a xeneral. Puxéronse nove luces e oito postes.

José Carlos García Taibo di que hai un problema co saneamento da Chousa, xa que a estrada afúndese.

O Presidente informa que a empresa está en suspensión de pagos e agora a Secretaria do Concello está elaborando un informe para que o Concello poida rematar a obra e incautarlle a fianza á empresa.

Fernando Gómez Davila di que o pozo no camiño Costa de San Martiño está cheo e pregunta se se vai facer algo.

O Presidente di que se ten previsto cambiar a tubería.

José Carlos García Taibo pregunta se está previsto o saneamento no camiño Escribano. O Presidente di que xa hai proxecto e cóntase facer no 2014.

Purificación Rodal González pregunta polo saneamento do camiño Pedro Morto.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que ese saneamento presenta varios problemas e que habería que tirar para Vigo. Está parado pendente dos permisos de Augas de Galicia e dos lindeiros. Hai outros saneamentos que tamén están parados pola falta de permisos.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.